



RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas

O punto décimo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017, establece a posibilidade de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoque procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no caso de que, unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo do mesmo texto refundido, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado.

Tendo en conta que pola Orde do 20 de marzo de 2018 convocouse o procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, nas especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de música, e dada a posibilidade de que se produzan necesidades de cobertura temporal dos correspondentes postos de traballo nas especialidades de acordeón (593001), arpa (593003), canto (593006), clarinete (593008), composición (593010), contrabaixo (593014), clave (593009), dirección de orquestra (593023), etnomusicoloxía (593033), fagot (593030), frauta travesa (593032), gaita (593090), guitarra (593035), historia da música (593039), improvisación e acompañamento (593061), instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco (593092), instrumentos de corda fretada (593095), música de cámara (593050), musicoloxía (593051), óboe (593052), pedagogía (593057), percusión (593058), piano (593059), produción e xestión de música e artes escénicas (593115), Repertorio con piano para instrumentos (593098), Repertorio con piano para voz (593063), saxofón (593066), trombón (593072), trompa (593074), trompeta (593075), tuba (593076), viola (593077), viola da gamba (593102), violín (593078), violoncello (593079), procede realizar a convocatoria para establecer o procedemento para a elaboración das correspondentes listas de interinidades e substitucións de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas, especialidades especialidades de acordeón (593001), arpa (593003), canto (593006), clarinete (593008), composición (593010), contrabaixo (593014), clave (593009), dirección de orquestra (593023), etnomusicoloxía (593033), fagot (593030), frauta travesa (593032), gaita (593090), guitarra (593035), historia da música (593039), improvisación e acompañamento (593061), instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco (593092), instrumentos de corda fretada (593095), música de cámara (593050), musicoloxía (593051), óboe (593052), pedagogía (593057), percusión (593058), piano (593059), produción e xestión de música e artes escénicas (593115), Repertorio con piano para instrumentos (593098), Repertorio con piano para voz (593063), saxofón (593066), trombón (593072), trompa (593074), trompeta (593075), tuba (593076), viola (593077), viola da gamba (593102), violín (593078), violoncello (593079).



Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Posuír algunha das titulacións que se indican a continuación:

- Catedráticos de música e artes escénicas

Normativa aplicable:

- Real decreto 631/2010, de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real decreto 617/1995, do 21 de abril, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grao superior das ensinanzas de Música e se regula a proba de acceso a estes estudos.
- Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, sobre Regulamentación xeral dos Conservatorios de Música.
- Real decreto 427/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas.

Especialidade	Titulación
Acordeón (593001)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Acordeón) -Título Superior de Acordeón -Título de Profesor Superior de Acordeón -Graduado en Interpretación (Itinerario Acordeón)
Arpa (593003)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Arpa) -Título Superior de Arpa -Título de Profesor Superior de Arpa -Graduado en Interpretación (Itinerario Arpa)
Canto (593006)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Canto) -Título Superior de Canto -Título de Profesor Superior de Canto -Graduado en Interpretación (Itinerario Canto)
Clarinete (593008)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Clarinete) -Título Superior de Clarinete -Título de Profesor Superior de Clarinete -Graduado en Interpretación (Itinerario Clarinete)
Composición (593010)	-Título Superior de Composición -Título de Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación -Graduado en Composición



Especialidade	Titulación
Contrabaixo (593014)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Contrabaixo) -Título Superior de Contrabaixo -Título de Profesor Superior de Contrabaixo -Graduado en Interpretación (Itinerario Contrabaixo)
Clave (593009)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Clave) -Título Superior de Clave -Título de Profesor Superior de Clave -Graduado en Interpretación (Itinerario Clave)
Dirección de orquestra (593023)	-Título Superior de Dirección -Título Superior de Dirección de Orquestra -Título de Profesor Superior de Dirección de Orquestra
Etnomusicoloxía (593033)	-Título Superior de Musicoloxía (Itinerario Etnomusicoloxía) -Título Superior de Etnomusicoloxía -Licenciado o Graduado en Musicoloxía -Graduado en Historia y Ciencias de la Música
Fagot (593030)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Fagot) -Título Superior de Fagot -Título de Profesor Superior de Fagot -Graduado en Interpretación (Itinerario Fagot)
Frauta travesa (593032)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Frauta travesa) -Título Superior de Frauta travesa -Título de Profesor Superior de Frauta -Graduado en Interpretación (Itinerario Frauta)
Gaita (593090)	-Título Superior de Musica, especialidade de instrumentos da Música Tradicional e Popular, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 617/1995, do 21 de abril. -Título Superior de Musica, especialidade de interpretación, itinerario Instrumentos da Musica Tradicional e Popular- Gaita-, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 631/2010, do 14 de maio.
Guitarra (593035)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Guitarra) -Título Superior de Guitarra -Título de Profesor Superior de Guitarra -Graduado en Interpretación (Itinerario Guitarra)
Historia da Música (593039)	-Título Superior de Musicoloxía (Itinerario Histórica ou Etnomusicoloxía) -Título Superior de Musicoloxía -Título de Profesor Superior de Musicoloxía -Licenciado o Graduado en Musicoloxía -Graduado en Historia y Ciencias de la Música
Improvisación e acompañamento (593061)	-Título Superior de Pedagogía (Itinerario Pedagogía Xeral e da Linguaxe Musical) -Título Superior de Pedagogía (Opción Pedagogía da linguaxe e a educación musical) -Título de Profesor Superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento -Título Superior de Interpretación (Itinerario Piano)



Especialidade	Titulación
	-Título Superior de Piano -Título de Profesor Superior de Piano -Graduado en Interpretación (Itinerario Piano)
Instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco (593092)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco) -Título Superior de Instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco
Instrumentos de corda fretada (593095)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Instrumentos de corda frotada) -Título Superior de Instrumentos da música antiga
Música de Cámara (593050)	-Profesor Superior de Música de Cámara -Título Superior, Profesor Superior ou Graduado nunha especialidade instrumental
Musicoloxía (593051)	-Título Superior de Musicoloxía (Itinerario Histórica) -Título Superior de Musicoloxía -Título de Profesor Superior de Musicoloxía -Licenciado o Graduado en Musicoloxía -Graduado en Historia y Ciencias de la Música
Óboe (593052)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Óboe) -Título Superior de Óboe -Título de Profesor Superior de Óboe -Graduado en Interpretación (Itinerario Óboe)
Pedagogía (593057)	-Título Superior de Pedagogía (Calquer itinerario ou opción) -Título de Profesor Superior de Pedagogía
Percusión (593058)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Percusión) -Título Superior de Percusión -Título de Profesor Superior de Percusión -Graduado en Interpretación (Itinerario Percusión)
Piano (593059)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Piano) -Título Superior de Piano -Título de Profesor Superior de Piano -Graduado en Interpretación (Itinerario Piano)
Produción e xestión de música e artes escénicas (593115)	-Título Superior de Producción e Xestión
Repertorio con Piano para Instrumentos (593098)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Piano) -Título Superior de Piano -Título de Profesor Superior de Piano -Graduado en Interpretación (Itinerario Piano) -Título de Profesor Superior de Solfejo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento



Especialidade	Titulación
Repertorio con Piano para Voz (593063)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Piano) -Título Superior de Piano -Título de Profesor Superior de Piano -Graduado en Interpretación (Itinerario Piano) -Título de Profesor Superior de Solfeo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento
Saxofón (593066)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Saxofón) -Título Superior de Saxofón -Título de Profesor Superior de Saxofón -Graduado en Interpretación (Itinerario Saxofón)
Trombón (593072)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Trombón) -Título Superior de Trombón -Título de Profesor Superior de Trombón -Graduado en Interpretación (Itinerario Trombón)
Trompa (593074)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Trompa) -Título Superior de Trompa -Título de Profesor Superior de Trompa -Graduado en Interpretación (Itinerario Trompa)
Trompeta (593075)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Trompeta) -Título Superior de Trompeta -Título de Profesor Superior de Trompeta -Graduado en Interpretación (Itinerario Trompeta)
Tuba (593076)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Tuba) -Título Superior de Tuba -Título de Profesor Superior de Tuba -Graduado en Interpretación (Itinerario Tuba)
Viola (593077)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Viola) -Título Superior de Viola -Título de Profesor Superior de Viola -Graduado en Interpretación (Itinerario Viola)
Viola da gamba (593102)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Viola da gamba) -Título Superior de Viola da gamba
Violín (593078)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Violín) -Título Superior de Violín -Título de Profesor Superior de Violín -Graduado en Interpretación (Itinerario Violín)
Violoncello (593079)	-Título Superior de Interpretación (Itinerario Violoncello) -Título Superior de Violoncello -Título de Profesor Superior de Violoncello -Graduado en Interpretación (Itinerario Violoncello)



No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (Boletín Oficial del Estado do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, ben como a determinados aspectos da profesión de avogado (Boletín Oficial del Estado do 20 de novembro).

2. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

3. Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

4. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

Non obstante o anterior, poderán formular solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no número 1, non posúan o certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4) ou equivalente. Estas persoas candidatas poderán ser seleccionadas na falta de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionadas, as persoas candidatas deberán obter, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeadas, o citado certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4) ou equivalente. A obtención do dito certificado ou equivalente deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5. Acreditar a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas. 1. As persoas aspirantes terán acreditada esta formación e capacidade se cumpren algunha das seguintes condicións:

– Posuír o título de doutoramento.



– Posuír un título universitario oficial de máster, para cuxa obtención se exixan, polo menos, 60 créditos, e que capacite para a práctica da investigación educativa ou da investigación propia das ensinanzas artísticas.

– Posuír o recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado diploma acreditativo de estudos avanzados.

No caso de non cumprir ningunha das condicións indicadas no punto anterior, acreditarán a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas as persoas aspirantes que cumpran de forma conxunta as dúas condicións seguintes:

– Ter impartido un mínimo de catro cursos académicos de docencia nun centro superior de ensinanzas artísticas.

– Ter tutelado cando menos un traballo final de estudos (TFE) de acordo co plan de estudos establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, ou un traballo ou concerto fin de carreira correspondente ao plan de estudos regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, agás naquelas especialidades que carecen de titulación propia específica: Improvisación e Acompañamento, Historia da Música, Música de Cámara, Repertorio con Piano para Instrumentos e Repertorio con Piano para Voz.

A tutela, cando menos, dun traballo final de estudos ou un traballo ou concerto fin de carreira xustificárase cunha certificación da dirección do centro.

Terceira. Solicitudes e prazo

1. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude e un aboamento de taxas por cada unha das especialidades nas que desexe inscribirse. Con elas deberán achegar unha copia compulsada da documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda, e da documentación acreditativa daqueles méritos que aleguen susceptibles de valoración segundo o previsto na base novena. O modelo de solicitude será o que figure publicado no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es no apartado de profesorado>xestión de profesorado.

As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar unha copia compulsada da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no parágrafo segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017.

2. O prazo para formular solicitudes, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de optar pola presentación da solicitude e demais



documentación nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada pola persoa funcionaria antes de ser certificada.

Cuarta. Importe e pagamento dos dereitos de inscrición nas listas

(Códigos: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, solicitude de inclusión nas listas de interinos substitutos: código 30.03.01).

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 17,32 euros.

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas, logo de xustificación documental:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

–A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

–De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

A non presentación dentro do prazo da xustificación do pagamento das taxas, no que figure de ser o caso o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.



Quinta. Comisión de valoración

A asignación da puntuación que lles corresponde ás persoas concursantes será realizada por unha comisión nomeada polo director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e constituída polos seguintes membros:

Presidente: director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

Vogais:

Un/unha director/a dun Conservatorio Superior de Música dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Un/unha funcionario/a do corpo de Inspectores de Educación.

O subdirector de Aprendizaxe Permanente e Ensinos de Réxime Especial.

O xefe da sección de cadros de persoal da Subdirección Xeral de Recursos Humanos.

Un/unha funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará, como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto.

Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

A comisión de selección poderá solicitar a incorporación aos seus traballos de persoas expertas, que se limitarán a prestar a súa colaboración.

Sexta. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións

A comisión prevista no punto quinto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o baremo de méritos relacionado no sinalado anexo I deste anuncio.

Logo de realizada a valoración dos méritos, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.gal.

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Sétima. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos

Logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.gal.

Contra a resolución pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Oitava. Baremo

A selección das persoas candidatas efectuarase aplicando o baremo de méritos relacionado no sinalado anexo I desta resolución.

Novena. Recursos

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2018

O Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pina Rodríguez





ANEXO I

I. Experiencia docente previa: Máximo 7 puntos.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,700 puntos	Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos, ou no seu defecto certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.
1.2. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos aos que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas.	0,350 puntos	Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos, ou no seu defecto certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles, na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.
1.3. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo ao que opta a persoa aspirante, noutros centros.	0,150 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel educativo ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.
1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo ao que opta a persoa aspirante, noutros centros.	0,100 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na que conste data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.
<p>Enténdese por centros públicos os centros aos que se refire o Capítulo II do Título IV da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas Administracións educativas.</p> <p>Para os efectos deste epígrafe terase en conta un máximo de dez anos, cada un dos cales deberá ser avaliado nun solo das subepígrafes anteriores.</p> <p>Non será necesario xustificar os méritos das subepígrafes 1.1 e 1.2 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.</p>		
II. Formación académica: Máximo 5 puntos.		
2.1. Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación esixido con carácter xeral para ingreso no corpo (Doutoramento, Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura, para corpos docentes do subgrupo A1, ou Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica ou Arquitectura Técnica para corpos docentes do subgrupo A2); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:		
Escala de 0 a 10 puntos: Desde 6,00 ata 7,50 Desde 7,51 ata 10	1,000 punto 1,500 puntos	Certificación académica persoal orixinal ou copia, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media.
Escala en créditos, de 1 a 4 Desde 1,50 a 2,25 Desde 2,26 a 4	1,000 punto 1,500 puntos	



2.2. Postgraos, Doutoramento e premios extraordinarios:		
2.2.1. Polo Certificado-Diploma acreditativo de estudos avanzados ou Título Oficial de Máster (Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, BOE do 30), Suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.2.2. Por posuír o título de Doutoramento:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.2.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento:	0,500 puntos	Documento xustificativo
2.3. Outras titulacións universitarias:		
As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse da forma seguinte:		
2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo: Por cada Diplomatura, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.
No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes Grupo A2, non se valorarán por este epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente a persoa aspirante.		
No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes Grupo A1, non se valorarán por este epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que foran necesarios superar para a obtención do primeiro título de Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura que presente a persoa aspirante.		
2.3.2. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de Licenciaturas, Enxeñerías, Arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.
No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes Grupo A1, non se valorarán por este epígrafe, en ningún caso, os estudos que foran necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, no seu caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de Licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura que presente a persoa aspirante.		
Valorarase neste apartado posuír o título de Grao.		
2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica:		
a) Por cada título Profesional de Música ou Danza:	0,500 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
b) Por cada Certificado de nivel avanzado ou equivalente de Escolas Oficiais de Idiomas:	0,500 puntos	
c) Por cada Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño:	0,200 puntos	



d) Por cada Título de Técnico Superior de Formación Profesional	0,200 puntos	
e) Por cada Título de Técnico Deportivo Superior:	0,200 puntos	
III. Outros méritos: Máximo 2 puntos.		
3.1. Dominio de linguas estranxeiras.		
3.1.1. Nivel C1 ou superior. Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acrediten un nivel de coñecemento de idiomas, expedidos por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)	1 punto	Copia do título correspondente co certificado de acreditación dunha lingua estranxeira clasificado polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)
3.1.2. Por cada título estranxeiro do nivel equivalente ao nivel B2 (Nivel avanzado), sempre que non se acreditara o título equivalente da Escola Oficial de Idiomas do apartado 2.4.b) no mesmo idioma.	0,50 puntos por cada título	
3.2. Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo polo que se presente, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por institución sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades estean expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa
3.3. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na subepígrafe 3.2. Puntuarase con 0,1 puntos por cada 5 horas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de horas inferiores a 5. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa



3.4 Publicacións, participación en proxectos educativos e méritos artísticos (Máximo 1,5000)		
<p>a) Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.</p> <p>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nesta subepígrafe coas exigencias que así se indican.</p>	<p>a) Libros en distintos formatos:</p> <p>Autor/a (0,3000)</p> <p>Coautor/a (0,1500)</p> <p>3 Autores/as (0,1000)</p> <p>4 Autores/as (0,0800)</p> <p>5 Autores/as (0,0600)</p> <p>6 Autores/as ou máis (0,0500)</p> <p>b) Revistas en distintos formatos:</p> <p>Autor/a (0,0700)</p> <p>Coautor/a (0,0600)</p> <p>3 ou máis autores/as (0,0500)</p> <p>c) Outras publicacións, actas de congresos, xornadas e seminarios: Ponencia individual (0,0700)</p> <p>Ponencia conxunta (0,0500)</p>	<p>–No caso de libros, a seguinte documentación:</p> <p>* Os exemplares correspondentes ou copias simples.</p> <p>* Certificación da editorial onde conste título do libro, autores/as, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais.</p> <p>En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, na certificación debe constar o título do libro, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>Nos supostos nos que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos nesta certificación deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>–No caso de revistas, a seguinte documentación:</p> <p>* Os exemplares correspondentes ou copias simples.</p> <p>* Certificación en que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autores/as, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.</p> <p>En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, na certificación debe constar o título da revista, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).– No caso de publicacións que soamente se dan en formato electrónico, presentárase un informe no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os/as autores/as, o ano e a URL. Ademais, presentárase un exemplar impreso.</p>
<p>b) Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.</p>	<p>0,1500 por cada premio</p>	<p>A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes.</p>



c) Por ter participado en proxectos de investigación ou innovación convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.	0,1000 por cada participación	Certificación expedida polas entidades convocantes.
d) Pola participación como docente en programas de mobilidade na Unión Europea.	0,1000/mobilidade	Certificación orixinal ou copia debidamente compulsada do centro de destino de realización do programa ou da entidade organizadora Certificación orixinal ou copia debidamente compulsada do centro de destino de realización do programa ou da entidade organizadora.
e) Pola participación como membro de comités científicos en congresos, xornadas ou similares.	0,1000/participación	
f) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de teses de doutoramento, sempre que dita condición non fora alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificado na subepígrafe 2.2.	0,1000/Tese	
g) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de traballos fin de máster, sempre que dita condición non fora alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificado na subepígrafe 2.2.	0,0500/Traballo	
h) Por premios artísticos, de investigación ou docentes de recoñecido prestixio en concursos ou certames de ámbitos autonómico, nacional ou internacional.	0,3000/premio	
i) Por concertos como solista musical na especialidade á que se opta.	0,2000 puntos por concerto	Certificación da vida laboral da seguridade social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos nos que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.
j) Por concertos como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade á que se opta.	0,1000 puntos por concerto	Certificación da vida laboral da seguridade social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos nos que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.
k) Por instrumentista ou intérprete de orquestras, coros ou bandas profesionais na especialidade á que se opta.	0,0100 puntos por concerto	Certificación da vida laboral da seguridade social e certificación da entidade responsable. Nos supostos nos que a entidade responsable desaparecese, esta condición poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. No suposto de instrumentistas que teñan un contrato estable cunha orquestra profesional, a cuantificación desta subepígrafe farase por anos completos, cunha puntuación de 0,3 puntos por ano.
l) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.	0,2000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aqueles en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
m) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para a orquestra, con ou sen solistas.	0,3000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
n) Por cada composición musical orixinal, conxunta e editada.		



	0,1000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
o) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.	0,1000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
p) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para orquestra, con ou sen solistas.	0,2000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
q) Por cada gravación como solista musical, na especialidade á que se opta (director/a musical, solista individual ou de música de cámara ata formación de trío): 0,2 puntos por gravación.	0,2000 puntos	Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.
r) Por cada gravación como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade á que se opta.	0,1000 puntos	Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.
s) Por cada gravación como instrumentista de orquestras, coros ou bandas profesionais, na especialidade á que se opta.	0,0100 puntos por gravación	Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.
t) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito internacional.	0,2000 puntos	Fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.
u) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito nacional ou autonómico.	0,1000 puntos	Fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.